

MEMORIA

2016




ASPABER

ASOCIACIÓN DE PAÍS DE DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DE BERGANTÍNOS
A BREA S/N · 15102 CARBALLO · A CORUÑA

www.aspaber.com · www.facebook.com/asociacionaspaber

ÍNDICE

CORENTA ANIVERSARIO ASPABER	3
VISIÓN XERAL	
Descripción da organización	3
Ámbito de actuación	3
Historia da Asociación.....	3
Órganos de gobierno e funcionamiento	4
Misión, Visión e Valores da Entidade.....	5
Organigrama da Entidade.....	5
Aspaber en números.....	6
Calidade e transparencia.....	7
Formamos parte de	7
Participación en redes asociativas.....	7
Convenio con entidades	7
CENTROS E SERVIZOS	
Centro Ocupacional	8-9
Centro de Día	10-11
Centro Residencial.....	12-13
Centro Especial de Emprego.....	14-15
Atención psicológica e atención psiquiátrica.....	16
Traballo Social.....	17
Logopedia	18
Fisioterapia	19
Comedor e Transporte	20
Programa de actividades lúdico-deportivas	21
Club de Ocio “Manuel Pose Veiga”	22
MELLORAS NAS INSTALACIONS	23
ACCIONES FORMATIVAS	
Formación do persoal.....	24
Formación dos usuarios.....	24
Convenios de formación prácticas.....	25
MEDIOS DE COMUNICACION	
Presencia na prensa	26
Páxina Web e redes sociais.....	27-28
ACTIVIDADES RESEÑADAS 2016	29-33


CUARENTA ANIVERSARIO ASPABER

Estimados membros da Entidade,

Este ano que remata estuvemos de aniversario ,40 anos...casi nada!

Queremos volver a aquel xaneiro de 1976, onde gracias á iniciativa e ilusión duns cantos pais, fixeron posible que se xestara o movemento asociativo que hoxe conocemos como ASPABER.

O camiño non foi fácil, por aquel entonces as familias que constituían ASPABER necesitaban moito todos os seus recursos, para obter un diagnóstico dos seus fillos, pero iso non lles impide iniciar unha serie de contactos co obxectivo de fundar unha pequena escola para lograr a escolarización dos seus fillos.

E pasaron catro décadas e foron moitos os logros que se foron conseguindo:

- Local no Colexio Fogar
- Doación de terreos na Brea
- Construcción dun Centro Ocupacional
- Ampliación do Centro Ocupacional
- Creación dun edificio destinado a talleres
- Creación dunha Residencia
- Creación de Vivendas Tuteladas
- Creación dun Centro Especial de Emprego...así como servizos, comedor, transporte, fisioterapia,logopedia...

Todos estos logros foron importantes, pero se hai que destacar algo con respecto aos cambios que se produciron nestas catro décadas foi o paso das persoas atendidas, **pasaron de ser "invisibles" a ser visibles.**

De que ASPABER, xunto con todo o movemento asociativo foi clave para concienciar a un mundo indiferente en relación coas persoas con discapacidade intelectual.

ASPABER ao largo destos cuarenta anos inovou constantemente, desarrollando aprendizaxes, crecendo na profesionalidade que é cada vez más cualificada,excelente e comprometida, xerando redes, intercambios e programas, cooperando con outras causas sociais.

Pero todos familias, voluntarios, profesionais e todos aqueles que tiveron un papel fundamental na nosa organización, creemos nas persoas.

Pasamos de "non poden" ao poden. Poden educarse, poden traballar, poden aportar á comunidade, poden exercer, **poden, poden, poden....**



VISION XERAL

DESCRIPCIÓN DA ORGANIZACIÓN

A Asociación de Pais de Personas con Discapacidade Intelectual de Bergantiños, **ASPABER**, é unha Asociación de pais e familiares de persoas con discapacidade intelectual que **nace no ano 1976**. É unha asociación aberta e plural, en contínuo proceso de adaptación ante a realidade e as necesidades das persoas con discapacidade intelectual.



AMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación da Asociación ASPABER é provincial, abarcando **14 Concellos** da provincia de A Coruña:
A Coruña, Laracha, Arteixo, Cabana, Carballo, Cerceda, Coristanco, Laxe, Malpica, Ponteceso, Santa Comba, Tordoia, Val do Dubra e Zas.

HISTÓRIA DA ASOCIACIÓN

PERÍODO

FEITOS

1976	A Asociación ASPABER constitúese no ano 1976 sen fins de lucro como resposta a un grupo de pais que observan un futuro incerto sen centros nin servizos para atender aos seus fillos e fillas. Inicia os seus primeiros pasos nun local cedido polo Concello de Carballo nas instalacións do colexio hoxe chamado Fogar.
1983	No ano 1983 iniciase a construcción dun Centro Ocupacional estreando as instalacións no ano 1986 cun total de 30 usuarios.
1994	A Asociación conta cun total de 60 usuarios e xorde unha nova esixencia, as persoas que residen lonxe do Centro, para iso constrúese unha miniresidencia que se poñerá en marcha no ano 1997 con 16 usuarios
1999	Amplíanse as instalacións destinadas a talleres de carpintería e manipulados
2000	Crease o Centro Especial de Emprego ASPABER S.L
2004	O C.E.E preséntase o concurso de Limpeza Viaria do Concello de Carballo onde consigue a concesión por un período de dez anos.
2012	Concesión de limpeza viaria do Concello de Malpica
2013	Concesión do Punto Limpo e Limpeza Viaria do Concello de A Laracha
2013	Concesión limpeza de colexios de Carballo (Bergantiños, Fogar, Nétoma -Razo), unitarias e CRA
2015	Concesión limpeza colexio San Luis Romero
2016	O C.E.E xestionará un novo depósito de residuos vinculado ao punto limpo de A Laracha .

O C.E.E ASPABER S.L asinou por catro anos a **adxudicación do servizo dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficios** do Concello de Carballo.
O C.E.E ASPABER S.L frmou o novo contrato de limpieza viaria e servizos conexos do Concello de Carballo.

ASAMBLEA DE SOCIOS:

É o órgano supremo de goberno e decisión da Asociación. Reúñese, polo menos unha vez ó ano e onde se tratan os asuntos de maior relevancia e importancia: Aprobación das cuentas anuais, da memoria de xestión, do presuposto para o seguinte ano, etc...




XUNTA DIRECTIVA:

É o órgano encargado da xestión e representación da Asociación en toda a súa amplitud e reúñese varias veces ó ano.

Asamblea Xeral de Socios

MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA:



XERENTE E DIRECTORA:

É a persoa encargada de dirixir e coordinar os diferentes Centros e Servizos e de executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva.

Este cargo o ostenta Dona. Dolores Fernández García.



MISIÓN

Contribuir a que as persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, disponan dos apoios necesarios para poder desenvolver o seu proxecto de vida e lograr a súa inclusión como cidadáns.




VISIÓN

No ano 2016 ASPABER seguirá a ser unha entidade aberta que promove o cumprimento dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual de Bergantiños e seguirá a ser un referente galego na inserción laboral de persoas con discapacidade intelectual. Contará con novas infraestructuras que permitirán responder ás demandas dos tempos e prestará novos servizos axustados ás necesidades dos usuarios.


VALORES

Capacidade de superación



- Apoyo á persoa con discapacidade
- Traballo en equipo
- Inconformismo
- Dinamismo



USUARIOS DA ENTIDADE



Fuente: Diciembre 2016



DEMANDAS DE PRAZAS

Durante o ano 2016 **14 familias** acudiron a Asociación ASPABER para asesorarse e demandar praza para o seu familiar.

Juan Castro *Ruth* *António* *Carla*

Alex *Alba*

A Asociación ASPABER oferta servizos de calidade pois é un dereito ético das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias.

Esta entidade posee o sello de calidad de ISO 9001:2008, certificación que ano tras ano, conseguimos manter e que acredita a nosa mellora contínua, a eficacia e a eficiencia para seguir así avanzando na mellora dos servizos que prestamos.

No ano 2016, con data 07/06/2016 renovamos a nosa Certificación de CALIDAD coa empresa Bureau Veritas.



Tras saír a ley 19/2013 de diciembre Transparencia, acceso á información pública e buen gobierno, ASPABER traballa con transparencia, publicando anualmente as súas memorias e contas.

-Grupos de traballo de Fademga Plena Inclusión Galicia:


- U.D.S VIVENDAS
- U.D.S EMPLEO
- U.D.S DE PARÁLISIS CEREBRAL E AUTISMO
- GRUPO DE TRABALLO SOBRE TRASTORNOS MENTAIS E/OU ALTERACIÓNS CONDUCTUAIS

-Membro Xunta Directiva AEDIS

- Fademga Plena Inclusión Galicia
- Confederación Plena Inclusión
- AEDIS: Asociación de Centros Especiais de Emprego
- Fundación Paideia



- **XUNTA DE GALICIA** - Consellería de Traballo e Benestar Social para a prestación de servizos en Centro Ocupacional, Centro de Día e Centro Residencial.
- **DEPUTACION PROVINCIAL** - Convenio de mantemento e equipamento
- **LA CAIXA** - Axuda de equipamentos
- **CONCELLO DE CARBALLO**
- **CONCELLO DE A LARACHA**
- **CONCELLO DE MALPICA**
- **INSTITUTO MONTE NEME CARBALLO**



CENTROS E SERVIZOS

CENTRO OCUPACIONAL

• É un servizo de atención integral que atende a persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite e intermitente. Facilita o desarrollo das capacidades residuais en áreas formativo-laborais e ocupacionais co fin de conseguir un axuste persoal, social e laboral que lles leve a súa integración e a normalización das súas condicións de vida.

ÁREAS DE INTERVENCION:

	PROGRAMA DE COMPETENCIAS	
	Objetivo	Actividades:
AREA DESARROLLO PERSONAL	-Exercitarse nas materias básicas: matemáticas, inglés, lingua galega e lingua castelá para acadar o certificado de profesionalidade	-Habilidades académico-funcionais
PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA O CONCURSO- OPOSICIÓN ORDENANZA		
	Objetivo: - Competir por unha praza de ordenanza	Actividades: -Formación nos diferentes módulo teórico – prácticos
PROGRAMA EDUCACIÓN VIAL		
	Objetivos: -Facilitar a participación e os desplazamentos pola cidade e espazos públicos	Actividades: -Formación teórico-práctico -Salidas a comunidade
PROGRAMA EDUCACION AFECTIVO-SEXUAL		
	Objetivos: - Conocerse- Respetarse- Aceptarse	Actividades: -Dinámicas grupais -Itinerarios individuais
TALLER DE MEMORIA, ATENCIÓN E ORIENTACIÓN		
AREAESTIMULACIÓN COGNITIVA	Objetivos: -Mellorar as habilidades relacionadas coa memoria visual, auditiva e atención	Actividades: -Estimulación e mantemento cognitivo -Actividades terapéuticas rehabilitadoras
MANEXO DO EURO E DO CÁLCULO		
	Objetivos: -Calcular e realizar operacións matemáticas funcionais -Conocer e manexar o euro	Actividades: -Resolución de problemas sinxelos -Salidas o supermercado a realizar compras
MELLORANDO A ESCRITURA E A LECTURA		
	Objetivos: -Mellorar a compresión lectora, ritmo lector e entonación. -Mellorar a escritura e a ortografía	Actividades: - Actividades académico-funcionais -Actividades co periódico e revistas
INFORMATICA		
	Objetivos: -Elaborar documentos sinxelos -Empregar programas e xogos básicos	Actividades: - Manexo do Word a nivel usuario -Realización de programas didácticos adaptados
RESOLUCIÓN CONFLICTOS		
AREA DE HABILIDAES SOCIALES	Objetivos: -Conseguir comunicar necesidades e preocupacións, para evitar situacións que poidan xerar malentendidos e conflictos	Actividades: -Técnicas de resolución de conflictos - Intervención individual

 AREA DE INCLUSIÓN SOCIAL 	AUTOXESTORES: TOMO AS MIÑAS DECISIÓNS <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%;"> Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar as habilidades de comunicación -Comunicar sentimientos e emocións -Aprender a decir non cando sexa convinte </td><td style="width: 50%;"> Actividades: <ul style="list-style-type: none"> -Actividades de escucha activa -Emocionario -Rol- playing </td></tr> </table>		Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar as habilidades de comunicación -Comunicar sentimientos e emocións -Aprender a decir non cando sexa convinte 	Actividades: <ul style="list-style-type: none"> -Actividades de escucha activa -Emocionario -Rol- playing
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Mellorar as habilidades de comunicación -Comunicar sentimientos e emocións -Aprender a decir non cando sexa convinte 	Actividades: <ul style="list-style-type: none"> -Actividades de escucha activa -Emocionario -Rol- playing 			
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Conocer o medio que nos rodea a través de visitas -Participar nas actividades da comunidade 		Actividades: <ul style="list-style-type: none"> -Salidas a comunidade -Visitas guiadas a diferentes localidades e eventos culturais -Visitas a espazos culturais 		
Obxetivos. <ul style="list-style-type: none"> -Fomentar hábitos de vida menos sedentarios participando en actividades que impliquen ejercicio físico e que contribuían a alcanzar un maior bienestar. 		Actividades: <ul style="list-style-type: none"> -piscina -Ximnasia de mantenimiento -padel -baloncesto - ritmos latinos 		

A avaliación e seguimento destes programas realizaase desde os Programas de Desarrollo Individual das persoas de forma trimestral.

NOVIDADES DURANTE O ANO 2016:

USO RESPONSABLE DAS NOVAS TECNOLOGÍAS	
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> -Adquirir coñecementos básicos en torno o manexo e uso responsable das novas tecnoloxías (instagram, faceboock, aplicacións móviles..) 	Actividades <ul style="list-style-type: none"> - Exercicios de manexo das diferentes aplicacións -Confección de decálogos de boas prácticas
DINAMICAS ATENDEME-ENTENDEME	
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> -Saber escuchar e respetar o turno -Mellorar a comunicación non verbal. 	Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - Conversacións guiada - Coloquios - Actividades de desensibilización co medio ambulatorio-hospitalario
PROGRAMA PLUS O TRABALLO	
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> -Reforzar as habilidades socio- laborales e o comportamento 	Actividades: <ul style="list-style-type: none"> -Comida en un restaurante con servicio de bufett.



O PDI

No ano 2016, introducimos melloras na planificación e avaliación dos PDI, co inicio da aplicación de escalas estandarizadas de valoración para todos os usuarios do Centro Ocupacional, que nos permiten deseñar obxetivos más adaptados ás necesidades individuais:

A **Escala INICO de FEAPS** que fai unha valoración integral da Calidade de Vida das Personas con Discapacidade Intelectual.

A **Escala ABAS**, instrumento de evaluación da conducta adaptativa Os obxetivos traballados en números

Obxetivos PDI Centro Ocupacional	Período 2012-2014	Período 2014-2016
Alcanzados	40	337
En proceso	599	569
Abandonados	0	2
Total	639	908



CENTRO DE DIA

• É un servizo especializado de atención diurna destinado a proporcionar unha atención integral ás persoas con discapacidade con necesidades de apoio xeneralizada e as súas familias. Facilita apoios e servizos diversos e flexibles, a través de actividades funcionais e significativas de tipo formativo, terapéutico, ocupacional e lúdico, tanto no propio centro, como facendo uso dos diversos recursos comunitarios, para conservar e mellorar as súas capacidades e promoción da súa autonomía persoal

ÁREAS DE INTERVENCION:

ATENCIÓN A SAÚDE E BENESTAR FÍSICO	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN FÍSICA	
	Obxetivo: <ul style="list-style-type: none"> - Manter e previr a progresión de situaciones de deterioro físico - Promover o benestar físico 	Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - Xerontoximnasia - Psicomotricidade - Fisioterapia - Hidroterapia - Camiñatas biosaúdables - Coidado da saúde
PROGRAMA DE APOIO EN SAÚDE		
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Prestar os apoios necesarios para minimizar as situacións estresantes derivadas dos problemas de saúde e das consultas e probas médicas - Facilitar o acceso a servicios de atención sanitaria eficaces e satisfactorios. 		Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - Acompañamentos a servizos médicos - Contacto telefónico con médicos de atención primaria e especialidades - Entrenamentos específicos en consultas e probas médicas
PROGRAMA DE HIXIENE BUCO-DENTAL		
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar o acceso a consulta de odontoloxía, en colaboración coa Facultade de Odontoloxía de Santiago. - Promover un bo coidado e hixiene dental 		Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - Acompañamentos a Servizos de Odontoloxía - Entrenamentos en probas relacionadas coas visitas médicas - Hixiene buco-dental
INCLUSIÓN E PARTICIPACIÓN NA COMUNIDADE		
	Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Prestar os apoios e dotar ás persoas de habilidades e destrezas, para desenvolverse en entornos diferentes ós habituais. - Dispoñer de oportunidades de utilizar entornos comunitarios e participar de actividades inclusivas 	Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - Saídas á comunidade: cafeterías, centros comerciais, restaurantes, supermercados, locais comerciais, centro médico, - Actividades lúdico-deportivas
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver as habilidades necesarias para a socialización, a interacción social, a relación en grupo e a relación in- Terpersonal 		Actividades: <ul style="list-style-type: none"> - Entrenamento en habilidades sociais

DESARROLLO PERSONAL		
	Obxetivos:	
	<ul style="list-style-type: none"> - Estimular o desarrollo das personas en distintas áreas: cognitiva, sensorial, social, emocional, motora... 	<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades Académico-Funcionales - Actividades terapéuticas e rehabilitadoras - Estimulación e mantenemento cognitivo - Actividades pre-laborais
	<ul style="list-style-type: none"> - Promover o desenrollo e mantenemento de destrezas e habilidades adaptativas para a vida diaria que incidan nas dimensíons de calidade de vida e que lle permitan manexarse da forma máis autónoma na súa vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> - Entrenamento en Habilidades Básicas da Vida Diaria (vestido, autocoidado,...) - Taller de Repostería - Taller de Lavandería - Taller de preparación de comidas sínxelas

A avaliación e seguimento destes programas realizaase desde os Programas de Desarrollo Individual das persoas de forma trimestral.

NOVIDADES DURANTE O ANO 2016:

PROGRAMA "EU TAMÉN TOMO DECISIÓNIS":	
Obxetivos: <ul style="list-style-type: none"> - Seguir promovendo a Autodeterminación das persoas con grandes necesidades de apoio, facilitando os apoios que lle permitan tomar decisións, facer eleccións, mellorar as súas conductas comunicativas e ter máis oportunidades de inclusión social. 	<ul style="list-style-type: none"> - Compras Personais - Actividades de elección, petición e denominación, co apoio de SAAC, según as necesidades individuais



O PDI

No ano 2016, introducimos melloras na planificación e avaliación dos PDI, co inicio da aplicación de escalas estandarizadas de valoración para todos os usuarios do Centro de Día, que nos permiten deseñar obxetivos más adaptados ás necesidades individuais:

- A **Escala Sanmartín**, que valora a calidade de vida das persoas con grandes necesidades de apoio
- A **Escala ABAS**, sistema para a avaliación da conducta adaptativa

Obxetivos PDI Centro de Día	Período 2012-2014	Período 2014-2016
Alcanzados	90	96
En proceso	70	60
Abandonados	6	7
Total	166	163
% consecución	55%	60%

CENTRO RESIDENCIAL

- É un centro de convivencia temporal o permanente en régimen de internado para persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite e intermitente que por razóns sociais, familiares u ocupacionais, teñan dificultades para a permanencia no seu fogar.
- Trátase dunha Residencia 225 días
- Residencia de luns a venres
- Dispón de praza de emerxencia de luns a xoves

ÁREAS DE INTERVENCION:

DESARROLLO PERSONAL	PROGRAMA DE AUTOCOIDADO	
	Obxetivo: -Desarrollar hábitos e destrezas que potencien a autonomía personal nas actividades instrumentais da vida diaria	Actividades: -Vestido-desvestido -Actividades de alimentación e comedor. -Actividades de orden e limpeza de diferentes dependencias
	Obxetivos: -Promover as habilidades necesarias para o desenrollo da xestión do fogar -Incrementar a autonomía personal nas Actividades Instrumentais da Vida diaria.	Actividades: -Actividades de vida no fogar: coidado da roupa, preparación e organización de comidas, limpeza e organización do fogar, organización de turnos,...) -Programa de Cociña Básica
BENESTAR FÍSICO		
	Obxetivos: -Fomentar un estilo de vida saudable -Promoción, prevención e mantemento da saúde de cada persona da Residencia	Actividades: -Actividades de coidados da saude -Actividade física no Fogar (facer recados, pequenas tarefas domésticas, ...) e na comunidade (paseos, ...) -Administración de medicación e curas
INCLUSIÓN SOCIAL	PROGRAMA DE AUTONOMÍA EN ENTORNOS COMUNITARIOS E VIDA INDEPENDIENTE	
	Obxetivos: -Fomentar a autonomía en entornos comunitarios e promover a participación en actividades de ocio. -Favorecer a elección de actividades de ocio no tempo libre residencial -Formar á persona en autoxestión económica e control de gastos	Actividades: -Actividades de inclusión social: salidas a cafetería, salidas a supermercados, saídas centros comerciales. -Actividades na comunidade: cine, teatro, biblioteca, festas populares, ximnasios, museos... -Entrenamento en comportamento social -Entrenamento en manexo e xestión dos cartos e planificación do gasto
HABILIDADES SOCIAIS		
	Obxetivos: -Favorecer as habilidades sociais, así como as relacions de convivencia entre os usuarios do centro -Potenciar a toma de decisiones e resolución de problemas	Actividades: -Actividades de elección e toma de decisiones -Técnicas de resolución de conflictos

AUTODETERMINACIÓN	Obxetivos: -Aprender habilidades e destrezas que faciliten o manexo e administración dos cartos	Actividades: -Compra de artículos personales - Plan semanal de gastos
--------------------------	---	---

A avaliación e seguemento destes programas realizaase desde os Programas de Desarrollo Individual das persoas de forma trimestral.

O PDI


No ano 2016, introducimos melloras na planificación e avaliación dos PDI, co inicio da aplicación de escalas estandarizadas de valoración para todos os usuarios do Centro Residencial, que nos permiten deseñar obxetivos más adaptados ás necesidades individuais:

- A Escala **Sanmartín**, que valora a calidade de vida das persoas con grandes necesidades de apoio
- A Escala **INICO de FEAPS** que fai unha valoración integral da Calidade de Vida das Personas con Discapacidade Intelectual.
- A Escala **ABAS**, sistema para a avaliación da conducta adaptativa



Obxetivos PDI Centro Residencial	Periodo 2012-2014	Periodo 2014-2016
Alcanzados	15	24
En proceso	18	11
Abandonados	3	2
Total	36	37

AS INSTALACIÓNS DO CENTRO RESIDENCIAL:



CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

O C.E.E. é unha empresa cujo obxectivo principal é a de realizar un traballo productivo, participando regularmente nas operacións de mercado, e cuja finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os traballadores con discapacidade

Dentro do C.E.E. xeramos condicións laborais para a incorporación das persoas con discapacidade intelectual a un posto de traballo, levando a cabo cantas accións sexan adecuadas para ofrecer produtos e servizos competentes e de calidade dentro do mercado aberto en un marco de Economía Social.

ACTIVIDADES AS QUE SE DEDICA O C.E.E.:



LIMPEZA VIARIA

- Concello de Carballo ano 2016-2020
- Concello de Malpica ano 2013-2017
- Concello de A Laracha ano 2013-2019 Limpeza Víaria e Punto Llimpo



- CARPINTERIA:** Reparación mobiliario urbano (paleis, ...)
- ESCAIOLA:** Molduras, placas,...
- PRS:** Soldadura plástica frénquicia PRS
- MANIPULADOS:** Conservas Calvó, Grupo Voz, Galopín, Saika Pack



LIMPEZA EDIFICIOS PUBLICOS

- Concesión Limpeza de colexios de Carballo (Fogar, Bergantiños, Neda-Razo, San Luis Romero, Unitarias e Cro.) 2013-2019
- Limpeza dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficios do Concello de Carballo.

Aspaber asumirá la limpieza de los edificios administrativos y el Fórum

REDACCIONES TECNICAS

La adjudicación de este contrato ha permitido a la Xunta de Galicia dar continuidad al importante servicio de limpieza del municipio de Carballo, que se ha llevado a cabo por parte de la UTE Consorcio Carballo, que comprende la delegación municipal de Carballo, la concejalía de Urbanismo, la concejalía de Hacienda, la concejalía de Festejos, la concejalía de Deportes y Cultura, así como el Instituto de Estudios y Desarrollo Local, que tienen a su cargo la ejecución de las acciones de mantenimiento y conservación en plazo de ejecución de este contrato.

Este contrato, que tendrá una duración de 5 años, tiene un importe de 47.177,56 euros.



Un contrato de 47.177,56 euros para la limpieza de los edificios administrativos y el Fórum de Carballo.

NOVIDADES 2016:

- CEE xestionará un novo depósito de residuos vinculado ao punto limpo de A Laracha.
- O C.E.E ASPABER S.L asinou por catro anos a adxudicación do servizo dos Edificios Administrativos e de Formación e Oficios do Concello de Carballo.
- Os representantes do CEE e Alcalde de Carballo, Evencio Ferrero, firmaron o novo contrato de limpieza viaria e servizos conexos do Concello de Carballo.




EQUIPO HUMANO

O Centro Especial de Empleo está composto por 48 traballadores con discapacidade

VARIACIÓN DO PERSOAL 2014-2015-2016

	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016
Traball.con discapacidade contrato indefinido	24	24	28
Traball.con discapacidade contrato temporal	5	9	13
Traball.con discapacidade contrato formación			
Traball.sen discapacidade			
Persoal técnico de axuste persoal e social sen discapacidade	2	2	3
Persoal en postos de traballo específico sen discapacidade	2	2	4
TOTAL	33	37	48



O C.E.E conta coa figura dun **preparador laboral**, adica moita parte do seu tempo a prestar os apoios no propio posto de traballo, especialmente no perfil de limpeza viaria. En case todos os perfis profesionais (Limpeza viaria, limpeza de colexios,) contamos tamén coa figura dun **coordinador** que soe ser unha persoa con minusvalía física, que tamén sirve de apoio a persoa con discapacidade intelectual.

EMPRESAS COAS QUE CONFIAN NO C.E.E ASPABER:

CALVO CONSERVAS S.L
REPSOL PETRÓLEO S.A
SARVAL BIO-INDUSTRIES NOROESTE
S.A.U(Bioceval)
REFOOD.S.L.U

SAICA PACK
FRINSA DEL NOROESTE SD

CONCELLO DE CARBALLO
CONCELLO DE MALPICA

ALUMINIOS CORTIZO,S.A
GALICIA TIN & TUNGSTEN,S.A
EMED TARTESSUS, S.L.U

SONDEOS Y PERFORACIONES INDUSTRIALES
DE BIERZO, S.A
CREATIVA DIGITAL,S.L
TERRATEC GEOTENIA Y SONDEOS, S.L

CONCELLO DE A LARACHA

ATENCIÓN PSICOLÓXICA

- Servizo especializado no Benestar Emocional das persoas, tomando como base a súa historia e os seus plans de futuro, e desenvolviendo as mellores condicións posibles de autonomía e calidade de vida.



¿CÓMO FACEMOS?

- ✓ Creación dun equipo de traballo co usuario e o seu entorno para lograr o maior benestar persona, social e familiar.
- ✓ Reducción dos riscos de descompensación derivados dos problemas de saúde mental e alteracións de conducta
- ✓ Apoio e formación ó personal de atención directa
- ✓ Sesións de terapia individual
- ✓ Sesións de intervención coas familias
- ✓ Intervención nas diferentes dificultades que pida ter unha persona para afrontar o seu día a día de forma adecuada: baixa autoestima, dificultades no control de impulsos, manexo emocional, situacións de estrés, resolución de conflictos, duelo e ansiedade...
- ✓ Abordaxe e intervención en problemas de conducta (Análisis Funcional da conducta, Apoio Conductual Positivo, Plans de Intervención Conductual, Contratos de Conducta, Avaliación multimodal da conducta,...)
- ✓ Dar resposta ós problemas de saúde mental a través de sesións mensuais en coordinación co Servizo de Psiquiatría da USM do PAC de Carballo
- ✓ Elaboración de informes
- ✓ Acompañamentos e contacto con servizos médicos
- ✓ Control, supervisión e xestión da medicación

NOVIDADES 2016: Elaboración, nos Plans de Intervención e apoio cos usuarios que presentan problemas de conducta ou alteracións psicolóxicas, de **horarios individualizados**, nos que as persoas son axentes activos do seu benestar emocional.

ATENCIÓN PSICOLÓXICA EN NÚMEROS

	Centro Ocupacional			Centro de Día			TOTAL		
	2014	2015	2016	2014	2015	2016	2014	2015	2016
Nº Intervencións telefónicas	216	221	230	251	253	261	467	474	491
Nº Acompañamentos a médicos e especialistas	153	159	163	57	61	67	210	220	230
Nº Informes elaborados para consulta/outras xestións	171	193	205	72	84	98	243	277	303
Nº Intervencións presenciais con familias	29	32	50	20	23	31	49	55	81
Nº de horas adicadas a xestión da medicación	590	640	690	245	280	310	835	920	1000
Nº de consultas telefónicas a médicos de familia e especialistas	7	12	18	4	10	17	11	22	35

Atención psiquiátrica

A través dun convenio co servizo de Saúde Mental, a asociación dispón dun servizo de psiquiatría unha vez ao mes no cento de Saúde de Carballo (o último venres de cada mes), así como a posibilidade de ser atendidos ante calquera urxencia por teléfono.

O servizo de Psiquiatría traballa dende a prevención para así evitar ingresos en unidades específicas ou visitas repetidas os servizos de urxencias das distintas dependencias dos complexos hospitalarios por non atopar resposta nin medicación apropiada nos médicos de familia.

	Xa	Fe	Ma	Ab	Ma	Xun	Xull	Set	Out	Nov	Dec	Total
CO	12	7	4	8	5	10	-	15	7	7	7	82
CD	5	2	1	5	-	3	-	5	1	1	2	25
TOTAL	17	9	5	13	5	13	-	20	8	8	9	107

TRABALLO SOCIAL

- O Servizo de Traballo Social ten por obxectivo ofrecer a todas as familias orientación, información e asesoramento para así encontrar resposta as súas necesidades.
- Como parte da vida asociativa tamén se trata de fomentar a cooperación e intercambio de experiencias no Grupo de Familias, e organizando diversas convivencias (Sardiñada, xantar nadal)



O Servizo de Traballo Social e atención a familias pretende:

- Garantizar unha información actualizada dos recursos e prestacións sociais existentes
- Responder ás expectativas, deseños e intereses das familias, como proveedor de apoio
- Permanecer en constante búsqueda, coordinación e mantemento de recursos en relación ao colectivo de persoas con discapacidade
- Traballar en coordinación coas redes sociais formais e informais
- Realizar derivacións profesionais especializadas
- Acompañar tanto a usuarios como a familias do Centro con máis necesidades de apoio.

Programa	Indicadores	Nº
Información, orientación e asesoramiento familiar	Atención solicitudes información admisión Atención chamadas telefónicas (recibidas) Atención chamadas telefónicas (emitidas)	14 151 286
Xestión de recursos sociais	Incapacitacións xudiciais Respiros Familiares Fademga(Turnos programados) Dependencia Xunta de Galicia Centro Aspaber Campamento verán Xunta Geriatros Carballo	3 12 4 1 1 3 1 2
Acompañamentos	Inyectables Enfermería saúde Mental Inyectables(outros) Urxencias/Médico/Enfermería Odontoloxía(Pacientes especiais) Inem Banco Seguridade social Podólogo EVO	74 4 19 2 8 16 3 1 1 1
Adultos Sos	Visitas domiciliarias Compras	11 6

Grupo Familias ASPABER

No movemento asociativo destacamos os seguintes eventos: Sardiñada e Xantar de Nadal, onde as **nosas familias son as protagonistas e as maiores colaboradoras**.



	Nº Familias participantes	Nº Total participantes
SARDIÑADA	58	207
XANTAR NADAL	79	317



LOGOPEDIA


- Vai destinada a todos os usuarios que por múltiples causas teñan unha linguaxe deficitaria o carezan da mesma, co fin de que todos teñan dereito a comunicarse e a recibir información ben mediante linguaxe ou a través dun sistema aumentativo ou alternativo de comunicación (SAAC)

O servizo de Logopedia acuden un total de **40 usuarios/as do centro.**

Este servizo proporciona respuestas a :

- **Problemas na comunicación e linguaxe**
- **Alteracións no ritmo da fala**
- **Alteracións nas cualidades da voz**
- **Tratamento en déficits auditivo e acompañamentos a revisións de audífonos**
- **Problemas na deglución**
- **Uso de sistemas alternativos(saac)**
- **Intervención na pragmática e uso da linguaxe**

Ademais de prestar a atención individual na aula específica de logopedia. Tamén presta apoio e dá instruccións as profesionais de centro de día elaborando os obxetivos do P.D.I e facendo material específico para traballar con eles/as na propia aula (**15 usuarios/as**).



NOVIDADES ANO 2016

-Evaluacións estandarizadas mediante test específicos

-**Programa de Deglución** en colaboración coa unidade de fisioterapia.

